DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 34 · **Outubro 2024**



‘Finde’ de ocio e diversión no Encontro de persoas mozas e adultas de Down Galicia

Un cento de persoas usuarias reuníronse na cidade de Lugo

Roteiros, comida, música e moita festa foron os ingredientes

Dispoñible o vídeo-balance anual 2023 da Federación ➜

Índice

Encontro de persoas mozas e adultas de Down Galicia 2

Reivindicacións educativas co inicio do curso 2024-25 7

Vídeo-Balance anual 2023 da Federación 9

Membros de Formación de Down Vigo publican o seu podcast 10

Nena de Xuntos inspira unha cabezuda coa síndrome de Down 11

A Xunta recibe a Down Ourense, gañadora na Liga de Debate 12

A mocidade de Down Lugo viaxou a Sanxenxo este verán 14

Membros de Down Coruña traballan na X Convención de Abanca 15

Down Compostela asina convenio co Instituto Gómez-Ulla 16

Teima planea unhas xornadas para conmemorar o 30 aniversario 18

Séguenos, subscríbete e contacta 19

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Membros de varias entidades nunha comida do Encontro en Lugo



Foto de familia coas persoas participantes

Fin de semana de ocio e diversión no Encontro de persoas mozas e adultas de Down Galicia

Un centenar de persoas con e sen discapacidade vencelladas a entidades Down de toda Galicia desfrutaron de dous días de ocio e diversión no Encontro de persoas mozas e adultas 2024, organizado pola Federación Down Galicia.

O evento, que se desenvolveu o 28 e 29 de setembro na cidade de Lugo, tivo como obxectivo principal proporcionar un lugar de encontro a mozos e mozas maiores de idade de toda a comunidade autónoma no que poder ampliar o seu círculo de relacións, crear novos lazos de amizade e poñer en común inquedanzas, preocupacións, soños e logros nun contexto de convivencia totalmente inclusivo.

Un programa cheo de ocio e diversión

Para a programación deste encontro, Down Galicia tivo en conta as opinións e suxestións das persoas participantes no mesmo, creando un programa acorde aos seus gustos e preferencias. Deste xeito, tras unha sondaxe previa, acordouse que a xornada tivese lugar na cidade de Lugo e que o ocio e o tempo de lecer fosen prioritarios.

Así, durante a mañá do sábado, as persoas participantes foron chegando á cidade amurallada para comezar a compartir tempo con mozos e mozas de outras cidades galegas, paseando e desfrutando ata a hora do xantar.

Trala comida nun coñecido restaurante da cidade, as persoas participantes dividíronse en grupos para realizar unha xincana polo casco histórico de Lugo, coa que coñecer mellor a historia da localidade e continuar relacionándose entre si.

Unha vez finalizadas as visitas, o grupo desfrutou de tempo libre ata a cea-baile, que se alongou ata ben entrada a madrugada. Unha vez finalizada, os e as máis festeiras decidiron continuar coa diversión nos locais da cidade, bailando e cantando ata que o corpo aguantou.

Na mañá do domingo, realizouse un roteiro pola muralla de Lugo, desde onde as persoas participantes puideron observar con máis perspectiva os puntos visitados o día anterior, así como contemplar varios murais artísticos representativos da cultura romana e castrexa.



Momento do roteiro na Praza Maior o sábado



Momento do roteiro na Muralla o domingo

Tras este paseo, o encontro rematou cun xantar onde as sensacións non podían ser máis positivas. Adxectivos como "espectacular" e "xenial" bulían entre as persoas participantes, que comentaban cos seus compañeiros e compañeiras que esperaban poder "repetir canto antes" porque foi "unha fin de semana moi divertida".

A importancia da inclusión social

A inclusión na sociedade é un dereito fundamental para calquera persoa. Participar dos recursos e das actividades que ofrece a comunidade é un dos piares clave para a consecución da inclusión das persoas coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual. O desenvolvemento da autonomía persoal e social é importante para calquera ser humano e constitúe un dos puntos fortes para o seu proceso de desenvolvemento e para a súa maduración.

Dende o Movemento Down en Galicia entendemos que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poden vivir dun xeito autónomo e independente, desfrutando dos recursos e actividades que ofrece a comunidade para unha inclusión sen barreiras e en igualdade de condicións que o resto da poboación.

A realización do Encontro de persoas mozas e adultas 2024 é posible grazas á achega da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).



O photocall triunfou durante a festa do sábado á noite



GALERÍA DE IMAXES DO ENCONTRO



Sesión de inclusión educativa en Down Ourense

Novo curso, novas reivindicacións para rematar coa exclusión nas aulas do alumnado con discapacidade intelectual

Comeza un novo curso académico no que preto de nove millóns de alumnos e alumnas volven ás aulas en toda España. Esta volta ao cole trae consigo un ambicioso reto suxeito ás modificacións da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE): que todos os nenos e nenas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual poidan exercer o seu dereito a unha educación de calidade e estuden en colexios ordinarios xunto aos seus compañeiros e compañeiras sen discapacidade.

A tamén coñecida como 'Lei Celaá' comprométese a promover un sistema educativo inclusivo e indica no seu artigo 74 que "o Goberno, en colaboración coas Administracións educativas, desenvolverá un plan para que, no prazo de dez anos, [...], os centros ordinarios conten cos recursos necesarios para poder atender nas mellores condicións ao alumnado con discapacidade".

Con todo, catro anos despois da aprobación da LOMLOE, no noso país estamos lonxe de lograr este obxectivo e, cada ano, centos de alumnos e alumnas con discapacidade intelectual son derivados a centros de educación especial ou vense obrigados a cambiar á devandita modalidade educativa debido á falta dos apoios necesarios, recursos ou compromiso dos centros ordinarios. Así, 41.000 crianzas con discapacidade están escolarizados nalgunha modalidade de ensino segregadora.

En palabras do presidente de Down España, Mateo San Segundo, “a situación actual, respecto a la educación, é frustrante porque está involucionando. A día de hoxe, ningún neno ou nena coa síndrome de Down debería quedar fose do sistema educativo ordinario porque se a educación non é inclusiva, non é unha educación de calidade”.

Segundo o último informe do Comité da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, España vulnera gravemente o dereito á educación inclusiva porque non elimina as barreiras de acceso á escola ordinaria que atopa o alumnado con discapacidade e non garante a súa continuidade no ensino secundario.

Por iso, Down España lanza a campaña ‘Quero ir ao cole contigo’, co obxectivo de sensibilizar sobre a importancia de impulsar a transformación do sistema educativo; para que a educación inclusiva sexa real, conte cos apoios e axustes necesarios para dar resposta á diversidade do alumnado e respecte o dereito á educación dos nenos e nenas coa síndrome de Down.

San Segundo insiste na necesidade da elaboración urxente do ‘Plan de Inclusión Educativa’ que cumpra os requirimentos da ONU e estea acompañado polo compromiso dos axentes implicados: Goberno, Administracións, profesionais da educación, terceiro sector e familias do alumnado coa síndrome de Down.



Imaxe da campaña de Down España



Xiana, membro de Xuntos, traballando

Vídeo-balance e memoria de actividades de Down Galicia no 2023

Consulta a memoria de actividades de Down Galicia do ano 2023 en formato vídeo ou documento de texto, así como as contas anuais e o novo Plan estratéxico 2024-2028. Coa súa publicación, a Federación quere dar transparencia a todo o seu exercicio e actividades desenvoltas.



Memoria de actividades 2023

Ingresos e gastos 2023

Plan estratéxico 2024-2028

Membros do servizo de formación de Down Vigo publican o podcast ‘Y tú… ¿en qué trabajas?’

Estades á procura de alternativas de ocio para desfrutar durante o outono? Pois que saibades que estades de sorte, porque os membros do servizo de formación da asociación Down Vigo levan varios meses traballando no seu podcast ‘Y tú… ¿en qué trabajas?’, que vén de finalizar a súa primeira tempada este verán.

Este novo proxecto é un espazo para fomentar as habilidades comunicativas e o uso das novas tecnoloxías, todo iso aplicado á contorna laboral. A través de entrevistas con profesionais de diferentes sectores, os mozos e mozas coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais poden coñecer como é traballar na empresa ordinaria.

Para preparar cada episodio, realízase un traballo de investigación na entidade: en que consiste o posto, que empresas da contorna se dedican a ese sector, que habilidades hai que demostrar para traballar…

Posteriormente, deséñase a entrevista cunha batería de preguntas que serven de guía, aínda que o ideal é que a conversación flúa de maneira espontánea e cada persoa vaia preguntando segundo os seus intereses. Por último, grávase o episodio, unha vez cada grupo.

En total publicáronse sete episodios, cunha periodicidade mensual, nos que conversaron con persoal de limpeza, hostalería, enfermería, educación, artesanía, adestramento canino e psicoloxía. Todos os episodios están dispoñibles nas plataformas en liña Spotify e Ivoox.

O podcast ‘Y tú… ¿en qué trabajas?’ forma parte do proxecto de gamificación de Down Vigo, desenvolto por Olga Álvarez no servizo de formación. A gamificación é unha técnica de aprendizaxe que traslada a mecánica lúdica dos xogos aos ámbitos educativo e profesional. O obxectivo é que a aprendizaxe sexa significativa e, por tanto, se absorban mellor algúns coñecementos ou se asimile de forma máis efectiva algunha habilidade.



Membros de Down Vigo creadores do podcast



Aroa xunta a Bígara e Juan Carlos Platis, artista e creador da cabezuda

Unha nena de Xuntos inspira a Carril para a primeira cabezuda coa síndrome de Down de Galicia

Carril estreou ou rexuveneceu este verán aos seus xigantes e cabezudos. A Praza da Liberdade encheuse o 17 de xullo de para non perderse os cambios dun total de oito figuras, 5 xigantes e 3 cabezudos, que a partires de agora lucirán coas súas mellores galas tanto en Santiago Apóstolo como en San Fidel. A gran novidade chegou como sinónimo de inclusión. Agora a localidade conta coa primeira cabezuda coa síndrome de Down de Galicia, inspirada en Aroa Sanchez, unha nena de 9 anos veciña do lugar e membro de Down Pontevedra Xuntos.

A súa figura foi elaborada polo artista vilagarcián Juan Carlos 'Platis'. Chámase Bígara, en homenaxe á familia de Aroa, coñecida como "a dos caramuxos". A súa nai, Luz Alonso, sinalou que "con esta cabezuda visibilízase non só a persoas con síndrome de Down, como a miña filla, senón tamén a outras persoas con discapacidade, así como con Asperxer, TDH ou autismo, por exemplo". Foron Luz Alonso e o seu marido, José María Sánchez, os que fixeron posible a creación da cabezuda.

O alcalde, Alberto Varela, e a edila de Cultura, Sonia Outón, acudiron á presentación dos renovados cabezudos, xunto a outros membros da Corporación. Varela destacou que "ten que ser un orgullo para Carril visibilizar a persoas con capacidades excepcionais". Manifestou que "o coidado da cultura popular é moi importante e esperemos que estas figuras poidan manterse agora por outros 70 ou 100 anos máis".

A Xunta recibe ao equipo de Down Ourense gañador da Liga de Debate Universitario

O equipo de Down Ourense que gañou a 3ª edición da Liga Española de Debate Universitario (LEDU) para persoas con discapacidade intelectual foi recibido o 31 de xullo pola conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, no seu despacho de San Caetano. Con este recibimento oficial, a Xunta de Galicia quixo recoñecer o talento dos integrantes e reivindicar o seu esforzo e a súa capacidade de superación.

A conselleira destacou que conseguiron impoñerse fronte a doce equipos de distintas comunidades autónomas, logo de quedar xa terceiros na anterior edición. Ademais de gañar a Liga, un dos membros do equipo, Paco Diz, fíxose co premio individual como mellor orador. Fabiola García celebrou que, como trasladaron dende a entidade, esta experiencia lles servise para superar medos, sentirse realizados, deixar de lado a timidez e dar pasos de xigante en expresión oral e corporal.

Ademais dos membros do equipo, asistiron á recepción a xerente de Down Ourense, Susana Rodríguez, a coordinadora de programas desta entidade, Elena Vaamonde, o formador dos participantes na liga universitaria, Brais Durán, e o xuíz da liga de debate e voluntario da asociación, Juan Santamaría.

Os sete integrantes do equipo de debate de Down Ourense foron Laura Gil, Saul Álvarez, Mikel Pan, Francisco Diz, Edwin Varela, Álvaro Nóvoa e Pablo Varela.

Esta edición foi a segunda na que participan mozos e mozas de Ourense que, tras iniciarse no mundo do debate o ano pasado, non dubidaron en volver demostrar as súas dotes oratorios nesta iniciativa nacional.

"Eu teño opinión" comeza cunha formación intensiva, dirixida a preparadores e representantes das entidades participantes, co obxectivo de achegarlles o mundo do debate e da oratoria.

Posteriormente, os equipos, acompañados por LEDU e mentores de empresas colaboradoras, preparan a pregunta sobre a que debaterán. Nesta ocasión, o tema escollido é "É posible manter unha alimentación saudable nos nosos días?".

A competición desenvolveuse en dúas fases: unha de grupo e a gran final. Na primeira delas, os doce equipos dividíronse en dous grupos. Seis deles estiveron a favor do tema proposto e os outros seis defenderon a postura contraria. De cada grupo clasificouse o mellor equipo, que pasaron á gran final. Neste caso, os equipos de Down Madrid e Down Ourense.

"Eu teño opinión" vai dirixido a persoas mozas con discapacidade intelectual e o seu obxectivo é visibilizar o seu talento para que poidan incluílo nos seus currículos para mellorar a súa inclusión no mercado laboral ordinario.



O equipo de Down Ourense en San Caetano



Visita ao Miradoiro da Lanzada

A mocidade de Down Lugo vai de escapada a Sanxenxo para festexar o verán

Un ano máis, os mozos e mozas de Down Lugo decidiron festexar o verán cunha escapada á costa. Sanxenxo foi o destino elixido nesta ocasión durante os primeiros días desta estación do ano.

Deste xeito, dos días 5 ao 7 de xullo un grupo da asociación desprazouse ao Salnés para desconectar da rutina. Aló aloxáronse en bungalows no camping Cachadelos, ao pé da praia de Mogor.

Puideron coñecer A Lanzada, a necrópole, o castro, o santuario, así como os areais próximos. O grupo tamén se animou a realizar un roteiro pola costa da zona, visitando o miradoiro de Punta Faxilda e o banco máis bonito de Noalla.

A mocidade de Down Lugo coincidiu nas instalacións do camping con outro grupo de xente de Down Vigo, polo que aproveitaron esta casualidade para saír de festa xuntos e coñecer a zona pola noite.

Despois destes tres días e moi bos momentos, as viaxeiras e viaxeiros xa están desexando que chegue a próxima viaxe... e que volte o verán de novo!

Varios membros de Down Coruña traballaron na X Convención de Abanca

O 15 de xuño foi un día moi especial para moitas persoas, entre elas, para 10 participantes do programa de Emprego de Down Coruña, que foron contratadas pola empresa MUI para realizar funcións de auxiliares de eventos na X Convención de Abanca.

Para Patricia, Pau e Diego, foi o seu primeiro contrato de traballo. Día intenso e emocionante, con labores que incluíron a acollida de invitados, axuda na localización, solución de dúbidas, acompañamento en Expocoruña e presenza nos photocall.

A colaboración con MUI, facilitada por Pilar Muiños e o seu equipo, foi fundamental para esta experiencia. Ademais, varios traballadores de Abanca agradeceron o labor dos nosos azafatos e azafatas, destacando o seu excelente desempeño na convención.

Esta experiencia foi de gran valor para todos os participantes e representa un gran paso cara á súa inclusión laboral. Seguimos traballando xuntos por máis logros como este!



Foto de familia dos traballador@s membros de Down Coruña

Down Compostela asina un convenio con Miranza Instituto Gómez-Ulla para mellorar a saúde visual das persoas con discapacidade

A Fundación Down Compostela e Miranza Instituto Gómez-Ulla formalizaron en xullo un acordo de colaboración para mellorar a saúde visual das máis de 100 persoas con discapacidade que forman parte da entidade. O acordo de colaboración foi asinado nas instalacións da clínica de man do seu director xerente, Javier Gómez-Ulla, e do presidente da Fundación, Juan Martínez.

Este acordo converte así a Miranza Instituto Gómez-Ulla no centro de referencia para as persoas asociadas a Down Compostela en todo o relacionado co coidado da visión. Desde a clínica farase o seguimento ocular de todas elas, con avaliacións oftalmolóxicas periódicas, tratamentos especializados e programas de sensibilización e formación para pacientes e familiares, a través de condicións vantaxosas para os asociados. As persoas con discapacidade usuarias da Fundación que acudan ao Instituto Gómez-Ulla poderán contar cun desconto do 20% nas revisións oftalmolóxicas.

"Os nosos especialistas traballarán en colaboración coa Fundación para identificar e tratar as afeccións oculares máis comúns neste colectivo e garantir así a mellora da calidade de visión", explica Javier Gómez-Ulla.

O presidente de Down Compostela, Juan Martinez, sinala que este convenio "permítenos poñer ao dispor das persoas con discapacidade da Fundación un centro de referencia para coidar a súa saúde visual, conscientes de que as familias que desexen acudir van atopar en Miranza a profesionais de recoñecido prestixio e os tratamentos máis innovadores".

Juan Martínez considera que o acordo será beneficioso tamén para ambas as entidades. "Desde a Fundación trasladaremos aos doutores do instituto os coñecementos adquiridos nos nosos 27 anos de experiencia para que o trato médico-paciente sexa máis efectivo e normalizador. Ao mesmo tempo, os nosos profesionais poderán recibir pautas para detectar precozmente problemas visuais e coñecer técnicas que melloren a intervención que facemos habitualmente en Down Compostela con persoas que teñen problemas de visión".

O impacto da síndrome de Down na visión

Son varias as patoloxías que aparecen con maior frecuencia nas persoas coa síndrome de Down. Estas pódense clasificar en defectos refractivos, trastornos da motilidade ocular, catarata e un cuarto grupo, máis heteroxéneo, que incluiría diversas patoloxías menos prevalentes.

Dentro das ametropías, inclúense miopía, hipermetropía e astigmatismo, e nos trastornos da motilidade ocular destacan o estrabismo e o nistagmus. As cataratas son tamén frecuentes na síndrome de Down presentando características diferentes segundo a idade á que se manifestan.



Sinatura do convenio entre Down Compostela e Miranza Instituto Gómez-Ulla

Teima planea unhas xornadas para conmemorar o seu 30 aniversario

Teima suma este ano tres décadas transitando historias de vida de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual marcadas pola desigualdade e a discriminación pero tamén con moita loita e logros.

Para visibilizar estas situacións e reivindicar os seus dereitos, a entidade vai conmemorar o seu 30 aniversario a través dunhas xornadas que terán lugar o 29 e 30 de novembro no Salón de Actos Concepción Arenal do Campus Industrial de Ferrol.

Segundo indican desde Teima, estas xornadas non son nin un curso nin un congreso. É un encontro de traballo colaborativo, no que se vai dialogar intensamente para facer unha análise do camiño dos dereitos humanos, pasado e presente, co obxectivo de xerar outros futuros posibles.

As persoas con discapacidade atopan grandes restricións para poder exercer os seus dereitos. En numerosas ocasións, non poden acceder ou participar, quedando fóra das contornas e actividades comunitarias, aínda querendo formar parte delas.

Ir á escola, acceder á formación, ao emprego, tomar decisións, participar das actividades sociais e culturais, acceder aos servizos públicos ou resolver trámites administrativos, manexar o seu diñeiro, acceder a unha vivenda, independizarse, ter parella, envellecer como elas decidan ou, comprender o mundo que lles rodea... pensado e creado sen contar con elas.

Para participar nas xornadas só hai que escribir un correo electrónico a jornadas@teimadownferrol.org. Ademais tamén é posible participar contando unha experiencia propia, enviando ao mesmo enderezo un audio, vídeo ou texto escrito, relatando unha luz e unha sombra das vivencias e o papel que xogaron os dereitos humanos nese contexto.



Membros de Teima Down Ferrol

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

X.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Consulta a nosa política de privacidade



Participantes do Encontro ante a Catedral de Lugo